Nota de Prensa

Comisión Executiva Nacional

A reforma laboral fixo posible que a porcentaxe de contratos indefinidos entre os mozos pasase do 7,7% no 2021 ao 29,6% no 2025. UGT-Galicia aposta polo diálogo e concertación para chegar a novos acordos que melloren o resto das variables

O 75,8% dos mozos e mozas galegas de entre 18 e 29 anos (62,7% de entre 18 e 34 anos) aínda viven cos seus pais que evitan que as taxas de pobreza suban ata os 20 puntos nesta franxa de idade

Os mozos e mozas galegas sofren unha fenda salarial de 18,3 puntos co conxunto de idades e de 13,6 puntos en relación co resto de mozos e mozas do Estado

Santiago, 10 de agosto de 2026.- Co gallo da celebración do Día internacional da Xuventude, que se conmemorará este mércores, 12 de agosto, UGT-Galicia fai pública unha radiografía do mercado laboral galego centrada nos máis mozos que amosa falta de oportunidades, a pesar de ter Galicia pouca poboación nesta franxa de idade, que se reflicte en taxas de actividade moi baixas, altos índices de desemprego, baixos salarios e, como consecuencia de todo o anterior e dos problemas para acceder a unha vivenda, baixísimas taxas de emancipación. Aínda que si hai unha variable que está a mellorar, a da temporalidade, grazas á reforma laboral que segue a dar os seus froitos e está a permitir que a contratación indefinida mellore tamén neste sector da poboación. Precisamente, UGT-Galicia considera que este é o camiño, o do diálogo e concertación para chegar a novos acordos que vaian na liña de mellora do mercado laboral en xeral e tamén de todo o que afecta aos máis mozos. E isto é algo que o Sindicato lle esixe tanto ao Goberno da Xunta como ao central.

Galicia segue perdendo poboación moza, a pesar do forte tirón dos mozos nados fóra que crecen nun 30,8% entre o 2011 e o 2025

Unión Xeral de Traballadoras e Traballadores
Miguel Ferro Caaveiro, 12 3º - 15007 Santiago de Compostela - Tel.: +34 981 597 171
www.ugtgalicia.org

A análise que se presenta hoxe, a radiografía da mocidade galega, comeza polo aspecto demográfico. E, nestes termos, as estatísticas indican que entre 2011 e 2025 a poboación de entre 15 e 29 anos baixou en Galicia un 11,5% pero cun comportamento totalmente desigual segundo o lugar de nacemento. Así, pola contra, a poboación nada no estranxeiro medra nun 30,8%, fronte a aqueles que naceron en Galicia ou noutra comunidade autónoma, neste caso diminuíron nun 17,3%.

En termos de representación, hai que subliñar que hai 25 anos a porcentaxe de poboación estranxeira entre a xuventude era do 6,8%; subiu ao 12% no 2011; e xa chegou ao 17,8% no 2025.

Poboación segundo lugar de nacemento e idade

	Poboación entre 15 a 29 anos	Poboación nada Estado	Poboación nada estranxeiro	% s/ total
2001	578.839	539.571	39.268	6,8%
2011	410.171	360.883	49.288	12,0%
2021	341.837	294.182	47.655	13,9%
2022	342.786	294.108	48.678	14,2%
2023	347.745	294.022	53.723	15,5%
2024	354.285	295.890	58.395	16,5%
2025	362.942	298.449	64.493	17,8%
Variación absoluta 2025/2011	-47.229	-62.434	15.205	
Variación % 2025/2011	-11,5%	-17,3%	30,8%	

	Poboación total	Poboación nada Estado	Poboación nada estranxeiro	% s/ total
2001	2.695.880	2.581.766	114.114	4,2%
2011	2.772.928	2.559.783	213.145	7,7%
2021	2.698.177	2.449.210	248.967	9,2%
2022	2.692.825	2.435.065	257.760	9,6%
2023	2.699.424	2.417.062	282.362	10,5%
2024	2.705.833	2.400.582	305.251	11,3%
2025	2.714.741	2.382.706	332.035	12,2%
Variación absoluta 2025/2011	-58.187	-177.077	118.890	
Variación % 2025/2011	-2,1%	-6,9%	55,8%	

Fonte: Instituto Galego de Estatística – INE. Censo de Poboación.

Galicia ten cada ano que pasa menos mozos e mozas (de 16 a 29 anos), cun peso cada vez menor no conxunto de idades. Hai dende o ano 2011 unha perda de 48.000 persoas que se enmarcan no rango de idades de entre 15 e 29 anos, o que, en termos relativos, supón unha perda do 11,5%, fronte ao conxunto de idades, onde a perda foi do 2,1%.

Se no IV trimestre de 2011 a mocidade tiña un peso sobre o total de idades do 16,1%, no IV trimestre de 2025 esta porcentaxe cae ao 14,2%. Hai en Galicia un total de 339.700 mozos e mozas (16-29 anos), segundo os datos da EPA do cuarto trimestre do ano 2025

Isto, inicialmente, podería levar a unha interpretación que resulta errónea. Ó existir menos poboación nesta franxa etaria as oportunidades no mercado laboral deberían ser máis e mellores pero isto non é así. Todo o contrario. Os máis mozos son o grupo diana das grandes eivas do mercado laboral galego.

Poboación de 16 a 29 anos. Galicia

(en miles)	Poboación	% s/ total idades	Poboación activa	% s/ total idades	Poboación ocupada	% s/ total idades	Poboación parada	% s/ total idades	Poboación Inactiva	% s/ total idades
2009/IV	424,4	17,6	258,0	19,7	196,3	17,2	61,7	36,8	166,4	15,1
2010/IV	405,5	16,8	236,4	18,2	170,2	15,5	66,1	32,6	169,2	15,3
2011/IV	387,7	16,1	226,8	17,2	156,2	14,5	70,7	29,5	160,8	14,9
2012/IV	371,0	15,5	214,8	16,4	137,4	13,3	77,3	27,9	156,3	14,5
2013/IV	355,4	15,0	196,0	15,3	121,6	12,1	74,5	26,5	159,4	14,6
2014/IV	342,3	14,5	178,7	14,1	113,8	11,4	65,0	24,6	163,5	14,9
2015/IV	332,3	14,1	170,8	13,6	116,1	11,2	54,8	24,6	161,5	14,7
2016/IV	325,2	13,8	164,4	13,1	120,9	11,5	43,6	21,4	160,8	14,7
2017/IV	320,0	13,7	159,5	12,9	117,5	11,1	42,0	23,1	160,5	14,6
2018/IV	318,0	13,6	155,8	12,6	122,3	11,2	33,5	22,5	162,1	14,8
2019/IV	317,7	13,6	154,4	12,4	122,0	11,1	32,4	22,2	163,3	14,9
2020/IV	318,7	13,6	140,4	11,5	103,4	9,6	37,0	25,9	178,5	16,0
2021/IV	319,4	13,6	148,0	12,1	113,4	10,4	34,6	25,8	171,5	15,3
2022/IV	322,6	13,7	145,0	11,7	116,3	10,5	28,8	21,9	177,7	15,9
2023/IV	327,7	13,9	154,2	12,3	128,7	11,3	25,3	22,0	173,6	15,6
2024/IV	335,1	14,1	165,7	13,1	135,7	11,8	30,0	27,4	169,3	15,2
2025IV	339,7	14,2	170,7	13,2	139,0	11,7	31,7	26,7	169,0	15,4

Fonte: IGE- EPA e Elaboración propia

Destes 339.700 mozos e mozas, 170.700 son poboación activa, 139.000 son poboación ocupada, 31.700 persoas paradas e 169.000 son persoas inactivas.

Nota de Prensa

Galicia está entre as 4 comunidades autónomas coa taxa de actividade xuvenil máis baixa do Estado, co 50,34%, fronte ó 53,74% de media ou datos como o de Cataluña, case dez puntos (9,5) por enriba da rexistrada en Galicia

De aquí conclúese un dos datos máis destacable e negativo da análise que hoxe se fai pública. Segundo os datos da EPA (dato do cuarto trimestre de 2025), Galicia rexistra a cuarta menor taxa de actividade no Estado entre a súa poboación máis nova (de 16 a 29 anos), sendo menor tan só en Cantabria, Andalucía e Asturias. Mentres a media do Estado é do 53,74%, esta Comunidade rexistra un 50,34%, moi por debaixo de autonomías como Cataluña, cun 59,9%.

%	taxa de actividade
TOTAL	53,74
Andalucía	48,97
Aragón	56,42
Asturias (Principado de)	49,46
Baleares (Islas)	53,97
Canarias	57,86
Cantabria	47,20
Castilla y León	52,19
Castilla-La Mancha	56,80
Cataluña	59,85
Comunidad Valenciana	52,51
Extremadura	51,65
Galicia	50,34
Madrid (Comunidad de)	54,62
Murcia (Región de)	51,86
Navarra (Comunidad Foral de)	53,09
País Vasco	51,75
Rioja (La) *	56,11

(*) Los datos inferiores a 5.000 están sujetos a fuertes variaciones , debidas al error de muestreo.

Boletín INJUVE Cifras jóvenes en la EPA. Jóvenes de 16 a 29 años. 4º trimestre 2025

A taxa de paro xuvenil sube en Galicia ata o 18,6%, moi afastada do 8,3% do conxunto de idades

Outro dos indicadores máis devastadores do mercado laboral galego é a taxa de paro entre os máis mozos, do 18,6%, fronte ao 8,3% que se rexistra no conxunto de idades. Unha análise máis polo miúdo por tramos de idade apunta a que canto máis se baixa en idade, máis se sube en taxa de desemprego. Chegando ao 28,6% no tramo de 16 a 24 anos.

A dependencia do sector servizos dos máis mozos é do 72,3%. UGT-Galicia alerta da falta de relevo xeracional no sector primario

Poboación ocupada por rama de actividade

	Total 16 a 29 (en miles)	Distribución % 16 a 29 anos	% s/ total idades	Total idades (en miles)	Distribución % total idades
total	138,6	100,0	11,8	1.178,1	100,0
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca (códigos CNAE-25: 01,02 e 03)	5,2	3,8	7,7	67,0	5,7
Industria da alimentación, téxtil, coiro, madeira e papel (códigos CNAE-25: do 10 ao 18)	12,2	8,8	16,2	75,5	6,4
Industrias extractivas, refino de petróleo, industria química, farmacéutica, industria do caucho e materias plásticas, fornezo enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado, subministración de auga, xestión de residuos. Metalurxia (códigos CNAE-25: del 05 ao 09, do 19 ao 25, 35 e do 36 ao 39)	5,4	3,9	9,2	59,1	5,0
Construción de maquinaria, equipo eléctrico e material de transporte. Instalación e reparación industrial (códigos CNAE-25 do 26 ao 33)	6,5	4,7	12,5	52,0	4,4
Construción (códigos CNAE-25: del 41 ao 43)	9,1	6,6	11,2	81,2	6,9
Comercio por xunto e polo miúdo e as súas instalacións e reparacións. Hostalería (códigos CNAE-25: 46,47, 55 e 56)	39,5	28,5	16,1	245,6	20,8
Transporte e almacenamento. Información e comunicacións (códigos CNAE-25 do 49 ao 53 e do 58 ao 63)	10,3	7,4	11,5	89,9	7,6
Intermediación financeira, seguros, actividades inmobiliarias, servizos profesionais, científicos, administrativos e outros (códigos CNAE-25: do 64 ao 66, 68, do 69 ao 75 e do 77 ao 82)	18,7	13,5	13,9	134,5	11,4
Administración Pública, educación e actividades sanitarias (códigos CNAE-25: 84, 85 e do 86 ao 88)	20,0	14,4	7,0	283,7	24,1
Outros servizos) (códigos CNAE-25: do 90 ao 99)	11,6	8,4	13,0	89,6	7,6

Elaboración propia a partir Microdatos EPA 1ºtrimestre 2026

Tomando como referencia os datos do primeiro trimestre do ano 2026 (coa clasificación CNAE 2025, cas modificacións introducidas), a análise por sectores apunta á gran dependencia do sector servizos na ocupación da mocidade, o 72,3% (do 71,6% no total

de idades). Dos datos adxuntos, tamén se deduce a falta de relevo xeracional no sector primario no que a ocupación na mocidade é moi baixa, 3,7%

Poboación ocupada mocidade e total idades e sector económico IT 2026

	total de 16 a 29 anos *(en miles)*	Distribución % de 16 a 29	total idades *(en miles)*	Distribución %	% De 16 a 29 S/ total idades
Total sectores	138,6	100,0%	1.178,1	100,0%	11,8%
Agricultura, gandería, silvicultura e pesca	5,2	3,7%	67,0	5,7%	7,7%
Industria	24,2	17,4%	186,6	15,8%	13,0%
Construción	9,1	6,5%	81,2	6,9%	11,2%
Servizos	100,2	72,3%	843,3	71,6%	11,9%

Elaboración propia a partir Microdatos EPA 1ºtrimestre 2026

Case o 28% dos mozos traballan a tempo parcial, 14 puntos por enriba do conxunto de idades. Pero a parcialidade chega aos 43,3 puntos no grupo de 16 a 24 anos

A parcialidade tamén tingue o mercado laboral dos máis mozos en Galicia. De feito, o 27,7% da mocidade traballa a tempo parcial, 13,9 puntos máis que o conxunto de idades.

A parcialidade faise máis evidente no grupo de 16 a 24 anos, subindo ata o 43,3%. De feito, de toda a poboación con contrato a tempo parcial, case a cuarta parte, un 23,5% son persoas de entre 16 e 29 anos, cando a poboación ocupada de 16 a 29 anos sobre o conxunto de idades representa tan só o 11,7%. Ademais, de toda a poboación ocupada con xornada a tempo completo, tan só un 9,8% é poboación nova.

Poboación ocupada por tipo de xornada, total idades e mocidade. Galicia IVT2025

	total poboación ocupada	completa	parcial	taxa de parcialidade
Total idades	1.186.900	1.023.300	163.700	13,8%
16 a 24 años	45.700	25.900	19.800	43,3%
25a 29	93.300	74.600	18.700	20,0%
total 16 a 29	139.000	100.500	38.500	27,7%
% s/ total idades	11,7%	9,8%	23,5%	

Elaboración propia a partir Microdatos EPA 4ºtrimestre 2025

Aínda que a reforma laboral continúa a dar os seus froitos, a temporalidade, aínda que mellora, segue a afectar máis aos mozos e mozas. Se o 13% de toda a poboación asalariada é menor de 30 anos, de toda a poboación asalariada con contrato temporal, un 28,7% son mozos e na duración indefinida tan só representan o 10,5%. Dos 125.800 asalariados e asalariadas menores de 30 anos, o 28,8% teñen contratos temporais, o 12,9% no conxunto de idades.

Evolutivamente, a reforma laboral deixou a súa pegada. Se no 2021 a taxa de temporalidade entre os mozos galegos era de 61,2%, no cuarto trimestre de 2025 esta situábase en 28,8%, unha diminución moi significativa, de 32,4 puntos.

Poboación asalariada por tipo de contrato ou relación laboral IVT2025

	total	e duración indefinida	temporal	taxa de temporalidade
Mocidade	125.800	89.600	36.200	28,8%
Total idades	975.300	849.300	126.000	12,9%
% mocidade s/ total idades	12,9%	10,5%	28,7%	

Elaboración propia a partir Microdatos EPA 4ºtrimestre 2025

Evolución taxa de temporalidade da mocidade e reformas laborais

	Total	De duración indefinida	Temporal	Taxa de temporalidade
2009/III	192.700	92,.00	100.500	52,2
2009/IV	180.100	89.900	90.200	50,1
2010	161.000	78.300	82.700	51,4
2011	142.000	66.400	75.600	53,2
2012	127.000	62.200	64.800	51,0
2013	111.900	53.600	58.300	52,1
2014	103.400	45.300	58.100	56,2
2015	101.800	40.200	61.500	60,4
2016	106.900	41.900	64.900	60,7
2017	110.500	40.500	70.000	63,3
2018	111.100	43.300	67.800	61,0
2019	111..900	44.100	67.800	60,6
2020	99.200	43.900	55.300	55,7
2021	99.500	38.500	60.900	61,2
2022	105.700	54.500	51.200	48,4
2023	118.300	72.800	45.500	38,5
2024	121.900	79.600	42.300	34,7
IVT 2025	125.800	89.600	36.200	28,8%

A reforma laboral pretende recuperar un futuro digno para a xuventude. No 2021 o 7,7% dos contratos rexistrados entre os mozos eran indefinidos, no 2025 a porcentaxe sobe ata o 29,6%

Grazas á reforma laboral, cos datos de contratación rexistrada no SEPE no ano 2025, compróbase un claro reponte da contratación de modalidade indefinida, especialmente significativa no caso dos menores de 30 anos. Así, neste colectivo, se no 2021 tan só o 7,7% dos contratos eran indefinidos, no 2025 a porcentaxe elevouse ao 29,6% dos 276.595 contratos rexistrados. Unha mellora substancial.

Nota de Prensa

Contratación rexistrada

	2021	2025
Indefinidos	10.940	73.389
Temporais	269.787	194.771
Total contratos iniciais	280.727	268.160
Conversións indefinidos	11.703	8.435
Total contratos	292.430	276.595
% indefinidos (iniciais + conversións) s/ total	7,7%	29,6%

Fonte: Elaboración propia a partir datos da Estatística de contratos do SEPE

A fenda salarial para os menores en Galicia (de 25 a 34 anos) é de 18,3 puntos, en relación ao conxunto de idades, e de 13,6 en relación ao mesmo grupo de idade no resto do Estado

Unha das consecuencias máis evidentes destas variables son os baixos salarios. Isto trae consigo importantes brechas dos mozos galegos en relación ao conxunto de idades pero tamén dos mozos galegos en relación cos mozos do resto do Estado.

As cifras están aí, son referidas ao ano 2024, último dato dispoñible e de recente publicación, e a fonte é a Enquisa anual de estrutura salarial. No conxunto do Estado as persoas de entre 25 e 34 anos cobraron no 2024 ao ano de media 25.103,30 euros, fronte aos 21.697,55 que percibiu a mocidade galega deste mesmo grupo de idade, o que supón unha brecha dun 13,6%. Isto quere dicir que, en materia salarial, se a mocidade do conxunto do Estado están en peores condicións que o conxunto de idades, en Galicia esta situación aínda se agudiza máis.

E cal é o balance en materia salarial da situación da mocidade galega en relación co resto de idades en Galicia? Pois tamén moi negativo. Como xa se indicaba en parágrafos precedentes, a mocidade galega (25-34 anos) percibe ao ano de media 21.697,55 euros, mentres que no conxunto de idades esta cifra ascende aos 26.547,27 euros. Isto trasládase nunha brecha do 18,3%.

GANANCIA MEDIA ANUAL

2024	Salario medio anual	Brechas euros con total de idades	Brecha con total de idades	Brechas Galicia con estado
De 25 a 34 anos (Estado)	25.103,30	- 4.436,96	-15,0	
Todas idades Estado	29.540,26			
De 25 a 34 Galicia	21.697,55	- 4.849,72	-18,3	-13,6
(Galicia) todas idades	26.547,27			-10,1

Enquisa anual de estrutura salarial – INE (2024)

Nota de Prensa

O 75,8% dos mozos e mozas galegas (18 a 29 anos) aínda vive cos seus pais. O acceso a unha vivenda digna, máis necesario que nunca para garantir a equidade interxeneracional

De todo o analizado anteriormente, ao que lle hai que sumar as dificultades para o acceso a unha vivenda digna, derívanse, evidentemente, dificultades para a emancipación dos mozos e mozas galegos. Así, segundo datos de elaboración propia en base aos que facilita o IGE (Enquisa estrutural de fogares), o 75,9% dos mozos e mozas galegas de entre 18 a 29 anos aínda vive cos seus pais, porcentaxe que sube ata o 89,3% na franxa de 18 a 24 anos. Tamén é moi significativo o dato de que tan só o 5,4% de todos os fogares de Galicia están compostos na súa totalidade por persoas menores de 35 anos.

Os proxenitores son os que están a mitigar as taxas de pobreza dos máis mozos

Precisamente, son os pais, a súa cobertura, a que está a mitigar, en moitos casos, a taxa de pobreza nesta franxa de idade. Segundo o IGE, con datos de 2024, a taxa de risco de pobreza entre a poboación de 18 a 34 anos era de 15,98 puntos. Esta reducíase aos 13,25 puntos se os mozos ou mozas vivían cos seus pais e elevábase aos 20,59 puntos no caso de estar emancipados.

Taxa de risco de pobreza dos mozos segundo vivan ou non cos pais

	Vive cos pais	Non vive cos pais	Total
2024	13,25	20,59	15,98

Fonte: IGE. Enquisa estrutural a fogares
Notas: Nota: os datos refírense a 31 de decembro.
Os datos fan referencia á poboación de 18 a 34 anos.
A taxa de risco de pobreza é a porcentaxe de persoas cun ingreso equivalente inferior ao limiar de risco de pobreza de Galicia, que se establece no 60% da mediana de ingresos equivalentes.

A resignación non é unha opción. Traballando, hai posibilidades de mellora do mercado laboral xuvenil, e así o están a demostrar varias das medidas froito do diálogo social como a reforma laboral, o Estatuto do bolseiro ou as subas do SMI

Un ano máis, este 12 de agosto, e todos os días do ano, hai que denunciar que os mozos e mozas galegas soportan dun xeito máis incisivo que o conxunto de idades as lacras do mercado laboral galego, desemprego, baixas taxas de actividade, baixos salarios, precariedade e grandes dificultades para acceder a unha vivenda digna que lles permita emanciparse e afrontar un proxecto de futuro sólido e sostible. Non obstante, UGT-Galicia insiste en que a resignación non é unha opción e hai posibilidades de mellora, como así o está a demostrar a reforma laboral, froito do diálogo social, que está a dar os seus resultados no conxunto de idades diminuíndo a temporalidade e tamén entre os máis mozos. Así, como xa se apuntaba en parágrafos precedentes, se no 2021 o 7,7%

dos contratos rexistrados entre os mozos eran indefinidos, no 2025 este indicador sobe ata o 29,6%. Grazas á reforma laboral.

Por todo isto, UGT-Galicia apela ao diálogo social, tanto a nivel estatal como en Galicia, para seguir abrindo vías de traballo que permitan chegar a acordos que vaian na mesma liña para mellorar as taxas de emprego, a actividade dos máis mozos, os seus salarios e medidas que muden dunha vez por todas o mercado inmobiliario deste país co fin de permitir o acceso a unha vivenda digna. O que demostran as estatísticas é que as políticas de emprego que se viñeron desenvolvendo non foron suficientes e non conseguiron reverter un mercado laboral xa mancado que tivo que afrontar con moitas dificultades as crises que se sucederon nos últimos anos, aínda máis entre os máis mozos.

En relación cos baixos salarios, é necesario estar vixiantes coa aplicación dos Acordos de Negociación Colectiva e seguir traballando para que o SMI acade o 60% do salario medio que marca a Carta Social Europea.

No relativo ao desemprego, resulta evidente que urxen Políticas Activas de Emprego, das que ten competencia a Xunta, realmente eficaces e personalizadas en función das necesidades particulares das persoas desempregadas e artellar medidas que permitan achegar xa as necesidade do eido empresarial cos plans formativos en todos os niveis.

Paralelamente, é imprescindible que se adopten as medidas para reducir o subemprego (esencialmente, tempo parcial involuntario e posible abuso dos fixos descontinuos), que constitúe a principal causa dos reducidos ingresos que obteñen miles de persoas traballadoras e, por tanto, da pobreza laboral.

NOTA: A PORTAVOZ DESTE TEMA É RAQUEL ESTÉVEZ, RESPONSABLE DE RUGE-UGT-GALICIA. TELÉFONO: 641233235.